

“Dende o comenzo da súa existencia o home vese obrigado a elixir entre diversos cursos de acción. No animal hai unha cadea ininterrumpida de accións que se inicia cun estímulo e remata cun tipo de conducta máis ou menos estrictamente determinado, que elimina a tensión creada polo estímulo. No home esa cadea interrompese: o estímulo existe, pero a forma de satisfacelo fica aberta, é dicir, debe elixir entre diferentes cursos de acción. En lugar dunha acción instintiva predeterminada, o home debe valorar mentalmente diversos tipos de condutas posíbeis, empeza a pensar. Modifica o seu papel fronte á natureza, pasando da adaptación pasiva á activa: crea.”

( Erich Frommm, El miedo a la libertad. )

- 1) Explica o texto contestando ás seguintes cuestións e elaborando unha redacción unitaria. ¿Que diferenzas establece o autor entre a conducta animal e o comportamento humano? ¿Que significa adaptación pasiva?, ¿quen se adapta dese xeito?, ¿a que se adapta? ¿quen leva a cabo unha adaptación activa?, ¿que significa activa? ¿Que determina a maneira de actuar dos animais?, ¿teñen necesidade de transformar a natureza?, ¿por que? ¿Onde atoparías no texto unha referencia á cultura e ao ser humano como animal cultural? Xustifica as túas respostas.
- 2) Marvin Harris, antropólogo norteamericano, define a cultura como: “un estilo de vida, socialmente adquirido, dun grupo de persoas.” Explica esta frase, centrándote especialmente na parte subliñada do texto. ¿Que son os axentes de socialización? Pon exemplos. ¿Que é a endoculturación? ¿Busca outro concepto que sexa equivalente?